

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

TERCEIRO TRIMESTRE

SEGUNDO DE PRIMARIA

MATERIAS :

**Matemáticas
Lingua castelá
Lingua galega
Ciencias da natureza
Valores cívicos e sociais**

ÍNDICE

		Páxina
1	Presentación e contextualización da adaptación	3
2	Estándares de aprendizaxe e competencias básicas	4

Materias

	Matemáticas	4
	Lingua castelá	5
	Lingua galega	6
	Ciencias da natureza	7
	Ciencias sociais	7
	Valores	7
3	Avaliación e cualificación	9
4	Metodoloxía e actividades	9
5	Materiais e recursos	10
6	Información e publicidade	10

1. PRESENTACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA ADAPTACIÓN DIDÁCTICA

Conforme ao disposto nas Instrucións do 27 de Abril da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos Centros Docentes da Comunidade autónoma de Galicia presento neste documento a miña ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN correspondente as materias de Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, C.da natureza , C. Sociais e Valores impartidas como titora do curso Segundo de Primaria do centro.

Intento acadar os obxectivos , competencias etc sinalados na programación de inicio do curso, tendo en conta a necesaria Adaptación a unha situación de ensino aprendizaxe telemática como consecuencia do Estado de Alarma motivado polo COVI-19 todavía vixente.

Estamos vivindo uns momentos novedosos e difíciles, premisas estas que condicionan moito o noso traballo que viña sendo desempeñado dun xeito presencial no cole favorecendo o contacto persoal entre familias, alumnado e mestras e mestres que impartimos docencia no centro.

O primeiro que fixen foi poñerme en contacto coas familias utilizando os nosos medios persoais para darnos apoio emocional en todo momento.

A atención as familias foi o meu primeiro obxectivo. Contactei con todas e sentímonos moi unidas. Creo que é moi importante este punto pois a partir del argallamos todo o traballo que vimos facendo. Partimos da situación persoal e dos medios que ten cada familia para o seguimento do traballo dos seus fillos e fillas. O equipo directivo, as compañeiras e compañeiros aos que recurrín cando tiña dificultades estiveron a miña disposición en todo momento. Moitas grazas.

Somos un cole do rural. Atopámonos con dificultades de conexión, falta de medios tecnolóxicos e de formación dixital dalgunhas familias. O servizo de Internet no rural ten que mellorar bastante.

Traballamos dende as nosa casas, NON QUEDA OUTRA.

Todas as familias dispoñen de móbil. Fixen un Grupo contando coa autorización de todas e tamén e facilitei o acceso os compañeiros e compañeiras que imparten docencia no curso.

Asi empezamos a traballar utilizando todos os servizos que este aparato nos ofrece.: wasap, videochamadas,.... envío de fotos das tarefas etc.

Creei unha clase Classroom na que participamos as mestras e mestres que traballamos con este alumnado e as familias excepto dúas que a día de hoxe,por motivos diversos, aínda non están.

O móbil sigue sendo unha ferramenta moi utilizada xa que nos permite un

contacto máis persoal. Somos PERSOAS e **as emocións condicionan a situación de ensino aprendizaxe...** E así seguimos ... tentando mellorar a comunicación en ambos sentidos. As familias necesitan sentirnos cerca e nós tamén saber que contamos con elas. Todas estas experiencias axúdanme a seguir adiante.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS

MATEMÁTICAS

- Leer y escribir los números hasta el millar.
- Construir números con unidades , decenas y centenas.
- Escribir el número anterior y el posterior de un número dado.
- Identificar el número mayor y el número menor en una serie numérica.
- Discriminar el valor posicional de las cifras de un número.
- Discriminar la decena y la centena más próximas a un número.
- Nombrar los términos de la suma y de la resta.
- Realizar operaciones de sumar y restar con llevadas de hasta tres sumandos colocados en posición horizontal o vertical.
- Aplicar correctamente la prueba de la resta.
- Resolver problemas de sumar y restar sacados de la vida cotidiana y familiar poniendo:datos, pregunta,operación y solución.
- Reconocer las horas en punto, las medias horas, y las horas y cuarto, en relojes analógicos y digitales.
- Utilizar la hora y los minutos como unidades de tiempo.
- Utilizar el metro, el centímetro y el quilómetro como unidades de longitud.
- Realizar estimaciones y equivalencias de medidas de peso.

1Kilo = 2 Medios = 4 Cuartos de kilo
- Realizar estimaciones y equivalencias de medidas de capacidad.

1 Litro = 2 Medios = 4 Cuartos de Litro

- Discriminar los números ordinales hasta el décimo.
- Reconocer y saber utilizar monedas de euro, de céntimos de euro y billetes.
- Expresar la multiplicación como suma de sumandos repetidos.
- Calcular el doble de un número.
- Calcular el triple de un número.
- Estudio de las tablas de multiplicar hasta el 10.
- Clasificar las líneas según los criterios aprendidos.
- Clasificar los polígonos según el número de lados.
- Reconocer ángulos, lados y vértices de un polígono.
- Calcular el perímetro de un polígono y saber su aplicación práctica en la realidad..
- Identificar la circunferencia y el círculo.
- Elaborar e interpretar gráficos de barras.

Estos estándares de aprendizaje ayudan a adquirir la competencia matemática, comunicación lingüística, aprender a aprender y las competencias básicas en ciencia y tecnología.

LINGUA CASTELÁ

- Lecturas comprensivas variadas.
- Reconocer las letras del abecedario para ordenar palabras siguiéndolo.
- Aprendizaje de la regla ortográfica de mb y mp.
- Reconocer las sílabas de una palabra.
- Identificar palabras Sinónimas.
- Identificar palabras Antónimas.
- Utilizar mayúscula a principio de texto y después de punto.
- Identificar Diminutivos y Aumentativos.
- Utilizar mayúscula en los nombres propios.
- Narrar de forma ordenada.
- Identificar nombres Individuales y Colectivos.
- Realizar descripciones breves de personas, animales, plantas y objetos.
- Uso básico de los signos de interrogación y de admiración.
- Reglas ortográficas : ca, co, cu, que, qui/ za, zo, zu, ce, ci/ ga, go, gu, que,

gui/ güe, güi.

- Escribir frases largas correctamente.
- Escribir diálogos breves.
- Identificar las palabras de un mismo campo semántico.
- Uso de Adjetivos y reconocerlos en una lectura.
- Identificar el género de los nombres: Masculino/ fFemenino..
- Identificar el número de los nombres : Singular/ Plural.
- Reconocer las palabras que riman en un poema.
- Identificar los Verbos y reconocer si están en presente, pasado o futuro.
- Escribir correctamente las palabras con g suave.
- Identificar el significado de algunas frases hechas.-
- Leer respetando las pausas que indique inventar otras.
- Aprender las reglas ortográficas del uso de la erre.
- Identificar distintos significados de palabras polisémicas.
- Reconocer la intención comunicativa de las oraciones. -
- Establecer comparaciones entre dos términos.

Estes estándares de aprendizaje ayudan a adquirir las competencias de comunicación lingüística, aprender a aprender, sentido iniciativa e emprendimiento, conciencia y expresión cultural.

LINGUA GALEGA

- Comprender un texto breve.
- Ler e escribir con corrección palabras e frases atendendo ás regras e grupos consonánticos estudados.
- Facer unha breve descrición dunha persoa, dun animal, dunha planta ou dun obxecto empregando o léxico axeitado.
- Recoñecer as sílabas nunha palabra.
- Empregar palabras Sinónimas.
- Identificar nomes comúns e nomes propios.
- Utilizar maiúscula nos nomes propios.
- Facer unha breve narración a partir dunha imaxe.
- Coñecer o artigo determinado e escribir con corrección algunhas contraccións.
- Empregar con corrección os signos de interrogación e admiración.
- Escribir breves diálogos.
- Atribuír calidades mediante o uso de adxectivos precisos.
- Seguir un conto a partir dunha imaxe.
- Expresar correctamente a variación de xénero.
- Escribir con corrección as grafías estudadas.
- Empregar con corrección a variación do número.
- Facer unha breve descrición dunha paisaxe.

- Identificar os verbos e recoñecer se están en presente, pasado ou futuro.
- Escribir correctamente as palabras con r e rr.
- Ler respectando as pausas que indican os signos de puntuación.
- Identificar as palabras compostas.
- Empregar con corrección o dígrafo nh.
- Identificar distintos significados de palabras polisémicas.
- Recoñecer a intención comunicativa das oracións.
- Establecer comparacións entre dous termos.
- Redactar un breve diálogo.
- Aprender as regras ortográficas de porque e por que.

Estes estándares de aprendizaxe axudan a adquirir as competencias de comunicación lingüística, aprender a aprender, sentido iniciativa e emprendimento e conciencia e expresión cultural.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer as partes do corpo humano.
- Relacionar os sentidos cos órganos.
- Localizar os ósos principais.
- Recoñecer as articulacións principais.
- Identificar algúns músculos.
- Identificar os alimentos dependendo do grupo ao que pertencen.
- Recoñecer os menús equilibrados.
- Clasificar os distintos animais en mamíferos,anfíbios, réptiles peixes e aves.
- Identificar as características dos mamíferos,anfíbios,réptiles, aves e peixes.
- Identificar especies mariñas que non son peixes.
- Diferenciar entre animais domésticos e salvaxes.
- Recoñecer as partes das plantas.
- Recoñecer os froitos e as sementes nunha planta.
- Clasificar as plantas en árbores, arbustos e herbas.
- Clasificar as árbores nos que teñen folla perenne e nos que teñen folla caduca e coñecer as da súa contorna.

Estes estándares de aprendizaxe axudan a adquirir as competencias sociais e cívicas, aprender a aprender,comunicación ligüística, e competencia dixital.

CIENCIAS SOCIAIS

- Recoñecer as propiedades da auga.
- Identificar os estados da auga.
- Coñecer o ciclo da auga.
- Diferenciar entre auga potable e auga non potable.
- Discriminar distintos materiais.
- Coñecer os usos das novas tecnoloxías.

- Recoñecer produtos que obtemos da agricultura.
- Distinguir útiles agrícolas.
- Clasificar os distintos tipos de gandería.
- Identificar os tipos de pesca.
- Identificar os tres tipos de astros: estrelas, planetas e satélites.
- Recoñecer as características do Sol e da Lúa.
- Discriminar as partes do día.
- Diferenciar as características das estacións do ano.
- Recoñecer os distintos elementos da paisaxe.
- Discriminar entre pobo e cidade.
- Identificar os elementos presentes nunha rúa.
- Coñecer as persoas que dirixen o concello dunha localidade.
- Identificar algúns servizos municipais.
- Coñecer algunhas normas de convivencia e de educación viaria.
- Describir as paisaxes de costa.
- Describir as paisaxes de interior.
- Desenvolver hábitos de conservación da paisaxe.
- Recoñecer algunhas características do paso do tempo na forma de vida das persoas.
- Situar correctamente un feito no tempo: pasado, presente ou futuro.
- Establecer relacións entre as distintas formas de medir o tempo.
- Recoñecer a importancia dalgúns descubrimentos para a vida das persoas.
- Recoñecer a importancia dalgúns inventos para a vida das persoas
- Identificar os distintos medios de transporte.
- Diferenciar os medios de transporte individuais ou colectivos.

Estes estándares de aprendizaxe axudan a adquirir as competencias sociais e cívicas, aprender a aprender, comunicación ligúística, e competencia dixital.

Repasamos e reforzamos aos contidos vistos nos dous primeiros trimestres ampliando con contidos que con unha sinxela explicación acompañada de vídeos etc pola miña parte, poden ser traballados sen problema polos nenos e nenas.

MATEMÁTICAS

- Aprender as táboas de multiplicar mediante xogos, vídeos etc.
- Cómo transformar unha suma en multiplicación.
- Calcular o dobre e o triplo dun número.
- Coñecer e xogar coas moedas e billetes.

LINGUA CASTELÁ

- Lectura que acompaña a cada unid.
- Facer frases con máis de seis palabras que leven tres dadas por min.

- Atopar nomes comúns e propios desa lectura.
- Indicar cales están en Singular e cales en Plural.
- Atopar palabras Masculinas e ffmininas de cada lectura.
- Xogar as adiviñas.
- Facer rimas con palabras sacadas de cada lectura.
- Repaso de regras de ortografía :M antes de P e B, R suave R forte...
- Atopar adxectivos en cada lectura.
- Aprendemos vocabulario novo.

LINGUA GALEGA

Seguimos a mesma línea de traballo que en Castelán facéndonos ver que o ser linguas irmás coinciden en moitas cousas.

Traballando cunha metodoloxía **Globalizadora e Personalizada.**

CIENCIAS SOCIAIS

Avanzamos un pouco no temario para saber:

- Que tipos de paisaxes podemos atopar.
- Cómo podemos coidar a natureza, o noso Planeta ameazado polo COVI.
- Cómo podemos axudar : normas de hixiene etc.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Que é a enerxía?
- Para que serve.
- Que enerxías coñecemos.
- Coñecer a importancia de aforrar enerxía.
- É importante reciclar? Cómo podemos facelo?

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Durante todos estos días confinados e confinadas nas nosas casas ante unha situación nunca antes vista con preocupación pero tamén con moita esperanza creo que todos os valores sociais e cívicos que programei fixéronse moi necesarios e evidentes.

O importante é a saúde e para iso cada un e cada unha de nós estamos poñendo en práctica eses valores: solidariedade, compañerismo, tolerancia, respecto, afectividade ,humildade, amizade,autocontrol...

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A Avaliación é Contínua. Non hai terceira avaliación. Neste terceiro trimestre farei un seguimento das tarefas presentadas.

A CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO: OBSERVACIONES

Terei en conta o seguinte " A avaliación e a cualificación adaptaranse,tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso,así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación das aprendizaxes realizadas desde a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020,sempre e cando beneficien ao alumnado".

Farei media aritmética das dúas primeiras avaliacións contando positivamente se é o caso, as tarefas desenvolvidas neste terceiro trimestre.

Non hai ningún alumno nin alumna en Segundo de Primaria con materias pendentes de Primeiro de Primaria.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

Propoño actividades de recuperación, repaso,reforzo,e no seu caso, ampliación cunha **metodoloxía globalizadora e personalizada** moito máis motivada pola situación que vivimos. Comencei mandando actividades para facelas cada semana pero a petición das familias dadas as distintas situacións persoais destas ;e para un maior seguimento ,quedamos, en envialas día a día. Asi, tanto as familias como eu mesma estamos máis tranquilas e podemos facer o traballo máis Individualizado.

Comunicámonos utilizando o grupo de Segundo que temos no móbil no que están todas as familias. Tamén utilizamos Google Classroom con todas as posibilidades que ofrece. Non utilizan este servizo dúas familias por motivos particulares.

As actividades están acompañadas con breves e sencillas explicacións e vídeos que lles serven de apoio para a súa realización. Consultan dúbidas a través do Grupo (asi solucionamos dificultades de conectividade), mandámonos mensaxes ,audios, facemos video chamadas etc Tamén nos relacionamos a nivel individual polo móbil...

5. MATERIAIS E RECURSOS

- Uso do grupo Segundo Primaria e Correo particular
- Google Classroom coas súas posibilidades
- Móbil

6. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- **Información as familias mediante:**

Notas informativas e actividades por Abalarmóbil, páxina do centro, Google classroom, email, Grupo Segundo Primaria ,correo persoal...

- **Publicidade:** páxina web do Centro

www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz